

Servizo de Asistencia Remota (SAR)

O *Servizo de Asistencia Remota* (S.A.R.) permite que os nosos técnicos controlen remotamente o seu ordenador.

Mediante este servizo podemos axudalo a solucionar moitos dos problemas informáticos máis frecuentes: limpar virus, reconfigurar o seu acceso ó correo electrónico, etc.

O seu equipo só poderá ser usado remotamente mentres o software de asistencia remota (SAR) esté en execución. A comunicación é completamente segura xa que vai cifrada e non poderá ser observada por terceiros. Vostede ten o control sobre ela en todo momento e pode finalizar a conexión cando o desexe.

Unha vez que execute o SAR deberá facilitar dous datos ó técnico do servizo de atención a usuarios (SAUM) para que se conecte ó seu equipo: o ID do equipo e o contrasinal.

Descargue a aplicación de asistencia para o seu sistema operativo:

- Para Windows (<https://get.teamviewer.com/uvigowindows>)
- Para Mac OS (<https://get.teamviewer.com/uvigomac>)
- Para Linux (<https://get.teamviewer.com/uvigolinux>)